

# O FOLCLORE MUSICAL



O *Folclore Musical* é unha proposta didáctica dirixida a 4º da ESO que quere traballar en conxunto co centro educativo sobre dous elementos importantes do noso patrimonio inmaterial: o baile e a música.

A creación e uso da música tradicional, a execución do baile e dos diferentes tipos de danzas ou a conservación destes saberes grazas as novas tecnoloxías, permitirannos desenvolver na aula contidos de diferentes materias deste curso.



**Museo do Pobo Galego**

## OBXECTIVOS

- Por en valor a música, o baile e a danza tradicional, introducíndoas como apoio dos contidos curriculares de 4º da ESO.
- Crear vías de traballo e colaboración entre o Museo e o Centro Escolar para afondar nas posibilidades educativas da Música e do Baile Tradicionais.
- Fomentar a aprendizaxe participativa baseada nun proxecto aberto, construído entre o Museo e a comunidade escolar.

## A NOSA PROPOSTA

O departamento de Educación e Acción Cultural do Museo do Pobo quere convidarvos a utilizardes a música e o baile como recursos para traballar distintos contidos do currículo escolar de 4º da ESO.

As materias e contidos nos que propomos usar a música e o baile son:

- **Educación Física:** Contidos comúns en educación física (B.1.4, B.1.9); Actividades físicas artístico expresivas (B.2.1); Os xogos e as actividades deportivas (B.4.3)
- **Historia:** A arte no S.XIX (B.4.5); A dictadura de Franco en España (B7.3); A transición política en España (B8.3)
- **Música:** A Escoita (B2.6); Contextos musicais e culturais (B3.1, B3.2, B3.6)
- **Tecnoloxías da Información e da Comunicación:** Organización, deseño e produción de información dixital (B3.4, B3.6); Publicación e difusión de contidos. (B.5.1, B5.4)
- **Artes Escénicas:** A danza (B.1.5)

O recomendábel é que se traballe dun xeito multidisciplinar pero seredes vós, os e as docentes, quen escolleredes a fórmula idónea para desenvolver este traballo, ben coordinándose entre as materias propostas ou ben desde unha soa área.

## DÚAS VÍAS DE TRABALLO PARA AFONDAR NA MÚSICA E NO BAILE: NO MUSEO E NO CENTRO EDUCATIVO.

Para que a música e o baile podan ser alicerces na construción de coñecemento nas materias propostas, cremos que é necesario o traballo en dúas direccións que se interrelacionen.

## No Museo.

O Museo pretende ser un espazo onde o alumnado poida relacionar os contidos traballados en aulas e adquirir novos coñecementos. Para isto propomos dúas modalidades distintas de visitas, unha pensada para o segundo cuadrimestre e outra para finais de curso.

1. Unha primeira visita que consistirá nunha clase práctica de baile tradicional galego onde traballaremos:

- Diferentes formas de bailar en Galicia: baile solto, agarrado, danzas e xogos.
- Coreografía e pasos do baile solto tomando a muiñeira como referente.
- Composición e creación de novos movementos de baile partindo dos pasos base aprendidos.
- Os estereotipos de xénero que se dan na actividade deportiva en xeral e no baile en particular.

- Duración da visita: 3 horas
- Período escolar que propomos para desenvolvela: 2º cuadrimestre do curso.

2. Unha segunda visita á colección permanente do Museo na que percorrерemos as distintas salas apoiándonos na música e no baile tradicional e nos contidos traballados durante todo o curso na aula.

Os puntos que trataremos serán:

- Usos e manifestacións da música tradicional vinculados á cultura da que fai parte.
- Cambios musicais relacionados co devalar da historia.
- Usos ideolóxicos do baile e da música en distintos momentos históricos.
- Introducción de novos ritmos e instrumentos na evolución da música tradicional ata os nosos días.
- A importancia da tecnoloxía na difusión e conservación do patrimonio inmaterial.

- Duración da visita: 2 horas
- Período escolar que propomos para desenvolvela: último cuadrimestre do curso.

Ambas visitas seguirán unha metodoloxía participativa, procurando que o alumnado sexa o protagonista e constrúa o discurso que une os contidos do Museo coa temática da música e do baile traballada nas distintas materias participantes do proxecto.

## No centro educativo.

Desde o Centro será necesaria a busca de información por parte do alumnado e do profesorado naqueles temas que a continuación propomos e sexan de interese para introducir no currículo. Nesta tarefa, o Deac será un apoio e acompañará ao profesorado que queira implicarse na proposta.

A continuación facemos un relatorio daquelas materias nas que consideramos axeitado usar o folclore musical para apoiar parte dos contidos marcados no currículo.

Facemos unha argumentación de por que consideramos que esta temática encaixa no contido da materia e suxerimos liñas para poder introducila na aula.

## EDUCACIÓN FÍSICA

### Bloque 1. Contidos comúns na educación física

B1.4. Un dos contidos a traballar neste bloque é a valoración das actividades físicas, deportivas e tradicionais na sociedade actual, destacando os comportamentos axeitados tanto dende o papel de participante como de espectador e espectadora.

O baile tradicional é unha actividade física e tradicional con total vixencia na actualidade e na realidade do alumnado. Así, é un recurso enriquecedor para observar o papel que os e as participantes dun baile desenvolven á hora de realizar unha coreografía, cuestionando estereotipos de xénero que se observan nos roles dos bailadores e das bailadoras.

A vixencia destes estereotipos atópase en xeral en moitas actividades deportivas e en concreto no baile e na danza.

- **Propomos:** Fomentar o debate na aula a partir da visualización comparativa de vídeos de coreografías de agrupacións folclóricas así como de recollas de campo de baile dos anos 80/90.

Algunhas suxestións son:

[https://www.youtube.com/watch?v=Xsa\\_HcHkeSw](https://www.youtube.com/watch?v=Xsa_HcHkeSw)

Páxina de Facebook: Música e Baile de Galicia.

### Bloque 2. Actividades físico artístico expresivas

B2.1. A creación de composicións artístico expresivas individuais e colectivas, con apoio dunha estrutura musical, incluíndo elementos para a súa sistematización (espazo, tempo e intensidade) pódese desenvolver na aula a partir do baile tradicional denominado "solto", como muiñeiras ou xotas. Este caracterízase por bailarse en colectivo, pero sempre desde a creación individual. Cada bailador ou bailadora dirixe a coreografía a partir de movementos que compón e que os e as demais deben seguir e imitar.

- **Propomos:** Coñecer as partes coreográficas e os movementos do baile solto, para que o alumnado, ben a nivel individual, ben colectivo, teña que compor partes coreográficas e movementos a imitar por toda a aula.

Para introducir estes contidos no centro recomendamos o manual: COTILLA, E. (Vigo, 2010). *Bailaben. Manual de aprendizaxe do baile tradicional galego*. Edicións do Cumio. A través del, poderase ir aprendendo os pasos básicos do baile solto co fin de experimentar, mesturar e crear pasos propios baseados nos movementos iniciais aprendidos.

#### **Bloque 4. Os xogos e actividades deportivas.**

B4.3. O coñecemento de xogos tradicionais de Galicia e da propia zona e a busca de información de variacións locais, son parte dos contidos a desenvolver neste apartado.

- **Propomos:** Recorrer aos xogos bailados, dentro do amplo abano de xogos populares que se dá na nosa tradición, para aplicar este contido da educación física no que se desenvolven valores cooperativos e de oposición, axustando as súas accións motrices ás intervencións do resto de participantes.

Para aplicalo en aulas recomendamos o manual: PREGO, Luís (Vigo, 2008). *Para cantar e bailar*. Edicións do Cumio. Neste manual tedes diferentes xogos bailados adaptábeis a diversas idades. Ademais, conta con información sobre a zona na que foi recollido o xogo, o que vos permite saber en que zonas existe ou existía para continuar afondando na busca de información sobre variantes do baile dependendo das zonas xeográficas.

### **HISTORIA**

#### **B.4.5. A arte no S.XIX**

As revolucións burguesas nos séculos XIX acaban fraguando en movementos políticos, económicos e sociais como o Rexionalismo e o Nacionalismo.

Estas novas ideoloxías veranse reflectidas en creacións culturais e artísticas que recollen eses trazos ideolóxicos emerxentes. Así, a idealización do mundo popular no Romanticismo e no Costumismo ten referentes na música que se crea nese momento.

- **Propomos:** Identificar pautas ideolóxicas do rexionalismo e do nacionalismo na música romántica do momento. Como exemplos: Marcial del Adalid, Pascual Veiga ou o coro Aires da Terra. Algunhas suxestións para atopardes máis información neste bloque son: ALÉN, Pilar (Vigo, 2004). *Breve historia da música galega*. A nosa terra. CALLE, José Luís (Madrid, 1993). *Aires da Terra. La poesía musical de Galicia*

### Bloque 7.3. A ditadura de Franco en España

Unha das tarefas que o Franquismo quixo acometer tras a victoria na Guerra Civil foi a da reconstrucción da Patria e a creación da "Nueva España". O folclore, e especificamente a música e o baile, foi usado con fins ideolóxicos e de propaganda política, tanto no interior como no exterior do Estado, para a transmisión de estereotipos culturais e ideolóxicos.

- **Propomos:** Indagar e debater sobre a transmisión de ideais culturais e de comportamento a partir da música e do baile, tomando como exemplo os grupos de Coros e Danzas da Sección Feminina.

Para traballar este contido podedes usar:

- O NO-DO. A transmisión de ideais de unificación e riqueza cultural nos espectáculos de bailes rexionais.

<http://musicatradicional.eu/es/node/22040>

- O documental "Inicio de los Coros y Danzas". A afirmación patriótica a partir destes grupos e o uso propagandístico que o réxime fixo deles.

<https://mail.google.com/mail/u/0/?hl=es&shva=1#inbox/156505aa5d4dd25b?projector=1>

- O documental "El tren de la memoria" centrado na emigración clandestina dos anos 60 a diferentes destinos europeos. Na última parte pódese ver os usos políticos e propagandístico que o réxime franquista fai da música e dos grupos de Coros e Danzas no exterior.

<http://www.rtve.es/alacarta/videos/el-documental/documental-tren-memoria/1797667/>

### Bloque 8.3 A transición política en España: da ditadura á democracia.

Os cambios sociais tiveron, en moitas ocasións, músicas asociadas e, a partir delas, podémonos achegar as reivindicacións políticas e sociais dun determinado momento histórico.

Neste contido pódese afondar nas demandas que parte da sociedade tiña a finais da ditadura e na transición grazas aos himnos da canción protesta, pondo o foco de atención no nacemento de Voces Ceibes e da Nova Canción Galega (1967- 1974), e en grupos posteriores como Fuxan os Ventos (1976).

- **Propomos:** A audición de cancións pertencentes a *Nova Canción Galega*, *Voces Ceibes* e *Fuxan os Ventos* para analizar as demandas políticas e sociais da realidade galega no final do Franquismo e comezos da Transición: uso do idioma galego, problemáticas

económicas e sociais (emigración, incultura), rexeitamento do folclorismo usado como propaganda durante o franquismo.

Para procurar máis información recomendamos:

FRAGA, Xan. *Miro Casabella e a Nova Canción Galega*. (Vigo: Editorial Galaxia, 2008)

SEOANE, Antón. *De Voces Ceibes a Milladoiro*. (Vigo: Editorial Galaxia, 2013)

## MÚSICA

### Bloque 2. escoita

B2.6 A música esta ligada a grupos sociais e é expresión dos seus acontecementos. Cubre diferentes funcións a nivel persoal ou social e como resultado podemos atopar na música tradicional, cancións que nos permiten saber máis sobre o contexto e o colectivo que as crearon.

- **Propomos:** Usar, por exemplo, os cantos de labor e traballo, os cantos de berce ou os romances e a literatura de cordel, para coñecer o papel da música en contextos da vida cotiá ou da esfera máis pública na sociedade tradicional galega.

Para atopar este tipo de cantos recomendamos:

- Arquivo do Patrimonio Oral e inmaterial do Museo do Pobo <http://www.apoi-mpg.org/>

- Cancioneiro "Eu non canto por cantar"

<http://www.museodopobo.gal/web/cancioneiro.php?idelemento=1>

### Bloque 3. Contextos musicais e culturais

B3.1. Galicia conta con un amplo repertorio musical tradicional que nos axuda a entender a sociedade que o creou. Esta música está viva e chega a nós en grande parte grazas a labor de recollida que moitas persoas fixeron en distintos momentos do século XX.

- **Propomos:** Para afondar máis neste contido podedes ter de referencia o Arquivo do Patrimonio Oral e Inmaterial do Museo do Pobo Galego. <http://www.apoi-mpg.org/>  
Nel poden pescudar sobre diferentes cantos e músicas que amosan o contexto cultural no que foron creadas e entender o valor de gravar e transcribir estas músicas para poder seguir transmitíndoas.

B3.2. e B3.6. A música tradicional serve de referente ou está integrada na creación de músicas con tendencias máis actuais e urbanas que se basean na mestura de novos ritmos, instrumentos ou medios tecnolóxicos.

- **Propomos:** Facer unha pescuda en liña sobre grupos galegos actuais da música rock, rap, pop ou electrónica que teñen referencias na música tradicional, para investigar e debater sobre a evolución da música popular.

## TECNOLOXÍA

Grande parte do repertorio musical e dancístico tradicional galego sigue vivo na actualidade grazas a utilización de novas tecnoloxías que permitiron salvagardar unha información transmitida ata hai pouco unicamente de xeito oral. Este proceso pasa pola gravación audiovisual, a dixitalización, a clasificación das pezas musicais e da información que se xera ao seu redor, e a partilla desta información a nivel virtual.

Tomando como exemplo distintos arquivos onde se recolle de xeito dixital a nosa música e baile, como o APOI ou o Facebook *Baile e Musica de Galiza*, pódese traballar en aulas distintos contidos recollidos no currículo, nomeadamente :

- B3. Organización, deseño e produción de información dixital. En concreto os puntos B3.4. e B3.6.
- B5. Publicación e difusión de contidos. En concreto os puntos B.5.1 e o B5.4.
- **Propomos:** Estes exemplos como modelo ou inspiración para a creación dun blogue, páxina de Facebook ou entrada na páxina web do centro, onde o alumnado comparta a información audiovisual sobre música ou baile da súa contorna, capturada, organizada e clasificada en bases de datos.

## ARTES ESCÉNICAS

### Bloque 3. Danza

B.1.5 O teatro e a danza en Europa, España e Galicia.

- **Propomos:** Introducir neste contido as danzas gremiais e de "Reis" que existen en Galicia desde hai centos de anos partindo de analizar as diferencias entre o baile tradicional máis espontáneo e este tipo de danzas, o seu uso e representación ou a súa función social.

Para procurar máis información recomendamos:

GONZALEZ PEREZ, Clodio. *As penlas e a danza de espadas*. (Redondela: Concello de Redondela, 1987)

MARTÍNEZ CRESPO, José. *Corpus Christi en Redondela : figuras, vestido e historia* (Vigo : Ir Indo, 2008.)

*Danzas gremiais e procesionais da provincia de Ourense*. (Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1999)